

PREGUNTA DE AER AO CONCELLEIRO DE CULTURA SOBRE O CONSERVATORIO

PLENO 30 ABRIL 2015. ACTA 08/2015

Visto que remata o mandato e non presentou vostede alternativa nin estudo algún sobre a organización ou estrutura do conservatorio, e a única decisión que se adoptou foi seguir contratando a un funcionario que duplica horario. Tendo en conta que dito funcionario ao que se lle aceptou a compatibilidade en dous postos da administración, exerce función de xefe de estudos (polo que cobra un complemento), e pensando nunha futura análise da situación desta institución, PREGUNTAMOS:

Cando foron as últimas eleccións á dirección do conservatorio, que propostas fixo o Concello de Redondela e cal é a distribución horaria do xefe de estudos (horas lectivas con alumnado –horas asignadas para o exercicio do cargo de xefe de estudos)?

O concelleiro ALONSO MONTEAGUDO resposta que refírese a cuestións que xa se trataron no pleno. Di que o xefe de estudos ten nove horas de docencia os martes, mércores e venres e unha hora adicada á xefatura de estudos.